



## **PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERAN O CONCURSO PARA A CONTRATACION CONXUNTA DE ELABORACION DO PROXECTO E EXECUCION DAS OBRAS DE CONSTRUCCION DUN COMPLEXO DEPORTIVO NO CONCELLO DE MIÑO.**

### **1.- OBXETO DO CONTRATO.**

1.1.- E obxecto desta licitación pública, a adxudicación conxunta e sucesiva da redacción do proxecto e posterior realización das obras correspondentes que se sinalan con carácter excepcional e por causas xustificadas e de conveniencia para o interese público tal e como se xustifican no informe técnico que se incorpora ó presente expediente, todo elo dacordo co o disposto nos apartados 1 e 2 do artigo 125 do Texto Refundido da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, (en adiante TRLCAP).

1.2.- O obxecto contratante trátase dun iter negocial complexo de formación sucesiva que se desenrola a través de dúas fases ou etapas: Fase I, de elaboración do proxecto, e Fase II, a futura obra a executar conforme ó proxecto redactado polo adxudicatario da Fase I e ó resto de cláusulas contractuales.

### **2.- CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS**

#### **2.1. Disposicións Xerais.**

##### **2.1.1. Obxecto do contrato e procedemento e forma de licitación.**

O presente prego ten por obxecto a contratación do proxecto de execución e a realización das obras que se deriven das prescricións técnicas redactadas pola Administración, nas que, ademais, se especifican as necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato e os factores a ter en conta.

A contratación regularase polo establecido neste prego, polo TRLCAP e polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

As prescricións técnicas do concurso, cantos requisitos se esixan e datos complementarios existan e se estimen de interese pola Administración, estarán á disposición dos interesado, para o seu exame, no concello de Miño, durante o prazo de presentación de proposicións, tódolos días laborais durante as horas hábiles de oficina.

Na proposta ofertarase inescusablemente unha solución base que se axustará necesariamente á solución prego de prescricións técnicas aprobado pola administración, así como ó prazo de execución definido no prego. Se o estiman conveniente, poderán ofertar, ademais, unha solución variante que será, unicamente, a resultante de variar o prazo de execución.

A adxudicación do presente contrato realizarase por procedemento aberto, utilizándose como forma de adxudicación o concurso regulado nos artigos 85 e seguintes do TRLCAP.



### **2.1.2. Orzamento de licitación.**

O orzamento máximo de licitación ascende a cantidade de 3.000.000,00,IVE incluído, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano 2007.....664.875,00 €

Ano 2008.....1.800.000,00 €

Ano2009.....535.125,00 €

Este orzamento determina globalmente o prezo da contratación para a redacción do proxecto e a construción das obras e entenderase que o presuposto aprobado pola Administración, comprende tódolos gastos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución da obra contratada, as taxas pola prestación dos traballos de inspección e dirección das obras e calquera outras que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes, e toda clase de impostos e taxas, que, no seu caso, fosen esixibles.

Tamén se deben entender comprendidos na oferta, ademais do importe do imposto sobre o valor engadido que poida corresponder, de conformidade co disposto na lexislación vixente e sempre referido ó tipo vixente na data de subscripción da proposición económica, tódolos impostos e taxas que se devenguen por razón do contrato, sen que, polo tanto poidan ser estes presentados como partidas independentes.

### **2.1.3. Existencia de crédito**

As obras financiaranse con cargo á partida 452/622.00 do orzamento xeral vixente.

Segundo o establecido no artigo 69.4 TRLCAP a adxudicación do contrato quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato nos exercicios correspondentes.

Os efectos previstos no artigo 125.4 do TRLCAP non se procederá á fiscalización do gasto, á súa aprobación, así como á adquisición do compromiso xenerado polo mesmo, ata que non se coñeza o importe e as condicións do contrato dacordo coa proposición preseleccionada. Polo tanto, unha vez presentadas as proposicións polos interesados, a mesa de contratación procederá á súa valoración e unha vez elaborada a proposta ésta elevarase ó Pleno a fin de que proceda, previo informe de fiscalización da intervención municipal, á aprobación e disposición do gasto dacordo coa proposición que fora seleccionada.

### **2.1.4. Prazo de execución.**

O prazo xeral previsto para a execución será:

-Para a redacción do proxecto: 3 meses

-Para a execución das obras: 30 meses.

En ningún caso, poderá excederse o indicado.

O prazo total de execución do contrato será o sinalado na resolución de adxudicación.



Os prazos parciais serán os que se fixen na aprobación do programa de traballo; poderanse especificar os prazos parciais que darán motivo ás recepcións parciais a que se refire o artigo 147.5 do TRLCAP.

Os prazos comezarán a contar a partir do día seguinte ó da subscrición da acta de comprobación do replanteo, agás o de redacción de proxecto, que comenzará a computarse desde a formalización do contrato.

A devandita acta e os prazos parciais que poidan fixarse ó aprobar o programa de traballos, cos efectos que nesta aprobación se determinen, entenderanse integrantes do contrato, para os efectos da súa esixibilidade.

A demora no cumprimento do prazo total ou, no seu caso, dos prazos parciais, que neste procedemento correspóndense cos fitos de obra predeterminados no plan de traballo, facultan á Administración contratante á aplicación das penalidades previstas no artigo 95 do TRLCAP e, nos casos previstos, á posible resolución do contrato, nos termos do artigo 99 do TRLCAP, e demais normativa concordante.

#### **2.1.5.- Accesibilidade e supresión de barreiras.**

Deberá terse en conta o establecido no artigo 63.3 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de febreiro de 2000).

#### **2.1.6.-Tramitación urxente.**

No suposto de se acordar polo órgano de contratación a tramitación urxente do expediente de contratación, esta producirá os efectos establecidos polo artigo 71.2 do TRLCAP.

Conseguentemente, a totalidade dos prazos contidos no presente prego de cláusulas administrativas particulares referentes á licitación e á adxudicación do concurso veranse reducidos á metade, e o comezo da execución do contrato poderá acordarse aínda que non se formalizara este, sempre que se constituira a garantía definitiva correspondente. Neste caso, deberá iniciarse a execución do contrato no prazo máximo de dous meses desde a súa adxudicación, resolvéndose en caso contrario, salvo que o retraso se deba a causas alleas á administración contratante e ó contratista e así se fixera constar na correspondente resolución motivada.

### **2.2. Cláusulas especiais de licitación.**

#### **2.2.1. Capacidade para contratar.**

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar e acreditando a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, requisito este último que será substituído pola correspondente clasificación nos casos nos que de acordo coa Lei sexa esixible, e non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coa Administración, sinaladas no artigo 20 do TRLCAP.

A proba por parte dos empresarios de non se encontrar incursos en causa de incapacidade para contratar coa Administración poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá substituírse



por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

A proba de capacidade das empresas efectuarase de acordo co establecido no artigo 15 do TRLCAP nos artigos 9 e 10 do RXLCAP.

As empresas estranxeiras non comunitarias deberán ter ademais sucursal aberta en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e estar inscritas no Rexistro Mercantil.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións temporais de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co disposto no artigo 24 TRLCAP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme ós artigos 15 a 19 do TRLCAP e ós artigos 9 a 16 RXLCAP, ou, de selo caso, a clasificación nas condicións establecidas no artigo 52 RXLCAP, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ostenta a representación de todos eles fronte á Administración e que asume o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas (UTE), no caso de resultar adxudicataria (artigo 24, RXLCAP)

### **2.2.2. Clasificación**

A clasificación esixida é a seguinte:

- Grupo A; Subgrupo 1 e 2
- Grupo C; Subgrupo 2,3,4,6

Categoría d, aplicable a Grupo A e C.

Os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, será suficiente que acrediten a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos nos artigos 16 e 17 do TRLCAP, así como a súa inscrición no Rexistro ó que se refire o artigo 20, letra i) do TRLCAP.

A clasificación das agrupacións de empresas verificarase mediante acumulación, nos termos regulamentarios procedentes, das características de cada un dos asociados expresadas nas súas respectivas clasificacións de acordo co establecido artigo 31 do TRLCAP. En todo caso, e ó abeiro do disposto no artigo 52 RXLCAP, será requisito básico para a acumulación das citadas características que tódalas empresas que concorran na unión temporal á licitación do contrato obtiveran previamente clasificación como empresa de obras en relación co contrato ó que opten, agás cando se trate de empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea, caso no que, para a valoración da súa solvencia concreta respecto da Unión Temporal, estarase ó disposto nos artigos 15.2, 16, 17 do TRLCAP.



### **2.2.3. Garantía provisional**

Para optar á adxudicación do contrato, os licitadores deberán acreditar a constitución previa da garantía provisional, polo importe do 2 por 100 do orzamento máximo de licitación, isto é, 60.000,00 euros.

A mencionada garantía poderá constituírse en metálico ou en valores públicos ou privados, con suxeición, en cada caso, ás condicións regulamentariamente establecidas.

Tamén poderá constituírse mediante aval prestado, na forma e condicións regulamentarias, por algún dos Bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España e presentado ante o órgano de contratación.

Tamén, de selo caso, poderá constituírse a citada garantía por contrato de seguro de caución celebrado con entidade aseguradora autorizada para operar no ramo de caución, debendo entregarse o certificado do contrato ó órgano de contratación.

No caso de UTES, a garantía provisional poderá constituírse por unha ou varias das empresas participantes na unión, sempre que no seu conxunto acade a contía requirida no artigo 35 do TRLCAP e garanta solidariamente a tódolos integrantes da unión temporal (artigo 61 RXLCAP)

En todo caso, a constitución da garantía provisional deberá facerse con suxeición ás condicións establecidas no artigo 35 do TRLCAP e nos artigos 55 a 58 RXLCAP.

Eximirase da prestación da garantía provisional ós licitadores que constituíran a garantía global á que se refire o artigo 36.2 do TRLCAP.

### **2.2.4. Presentación de proposicións.**

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral deo Concello en horario de 9 a 14 horas dentro do prazo sinalado no anuncio, contados desde o seguinte o de a última publicación do anuncio no "Boletín Oficial de la Provincia" ou no Diario Oficial de Galicia ou enviaranse por correo dentro do prazo de admisión indicado, xustificando a data de imposición do envío e anunciándoo ó Concello mediante télex ou telegrama no mesmo día.

Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora de finalización do prazo. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á indicada data sen se ter recibido a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego e da declaración responsable de que reúne todas y cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

### **2.2.5. Contido das proposicións.**

As proposicións constarán de dous (2) sobres pechados e asinados polo concursante ou persoa que o represente, e en cada un deles farase constar o seu respectivo contido, en todo caso deberá encabezarse coa seguinte inscrición: "Contratación conxunta de elaboración do proxecto e execución das obras de construción dunha piscina cuberta climatizada no Concello de Miño". Farase constar asimesmo o nome



do licitador. Igualmente, incluírase no interior de cada sobre, en folia independente, unha relación do seu contido enunciándoo numericamente.

#### **2.2.5.1.- Sobre A. Documentación administrativa**

TÍTULO: Documentación xeral.

CONTIDO:

l)Tódolos documentos ós que se refire este apartado presentaranse en orixinal ou mediante copias que teñan o carácter de auténticas.

A documentación a presentar é a seguinte:

##### **I-A) Para as solicitudes formuladas por españois:**

a)Fotocopia compulsada do NIF OU CIF.

b)O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario, mediante a presentación- se a empresa fose persoa xurídica- da escritura de constitución ou modificación se é o caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora, mediante a presentación da escritura ou documento de constitución e de modificación, se é o caso, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

c) No caso de empresarios individuais, copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou do que, de selo caso, o substitúa regulamentariamente.

d)Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha acreditará a súa personalidade e capacidade debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada unha delas e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte á Administración.

e)Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro deberán presentar poder bastanteado ó efecto polo Secretaría Xeral do Concello de Miño ou Letrado adscrito á mesma. Así mesmo, e en calquera caso, deberán aportar copia compulsada do D.N.I. da persoa que asine a proposición económica.

f)Declaración responsable outorgada ante autoridade administrativa, notario público, ou organismo profesional cualificado de non estar incurso o licitador en ningún dos supostos de prohibición para contratar previstos no artigo 20 do TRLCAP.

A dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, de atoparse ó corrente, de se-lo caso, no pagamento do Imposto de Actividades Económicas (IAE) e de encontrarse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.

Non obstante, poderán presentar os certificados de acreditación do cumprimento das citadas obrigas, o que eximirá a súa presentación posteriormente no caso de resultar



adxudicatario do contrato, salvo no suposto de que se atoparan caducados, para o que deberán presentar a oportuna renovación destes.

g)As empresas e sociedades deberán acreditar mediante a oportuna certificación expedida polo seu órgano de dirección ou representación competentes, que non forman parte dos órganos de goberno ou administración destas, persoa ningunha ás que se refiren as Leis 12/1995, do 11 de maio, e 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades de persoal ó servizo das Administracións Públicas e a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral.

A dita prohibición acada igualmente ós cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior, sempre que, respecto dos últimos, as ditas persoas ostenten a súa representación legal.

h)Certificado de clasificación expedido polo Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas do Ministerio de Facenda, ou testemuño notarial deste, acreditativo de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categorías requeridas neste prego, acompañado dunha declaración xurada da súa vixencia e das circunstancias que serviron de base para o seu outorgamento.

i)Documento xustificativo de ter constituída a garantía provisional indicada na cláusula 2.2.3.

#### **I-B) Para as solicitudes formuladas por estranxeiros:**

Requirirase a mesma documentación esixida no apartado anterior e ademais:

a)No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, será suficiente que acrediten a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos nos artigos 16 e 17 do TRLCAP.

b)Os contratistas non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do RXLCAP, en función dos diferentes contratos

c)Os contratistas de Estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a presentación dos seguintes documentos:

-Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa, no que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local, no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

-Informe da Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría Xeral do Comercio Exterior do Ministerio de Economía sobre a condición de Estado signatario do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio, sempre que se trate de contratos de contía igual ou superior á prevista nos artigos 135.1,



177.2 e 203.2 do TRLCAP, ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23.1º do TRLCAP.

-Tratándose de empresas de contratistas de obras será necesario, ademais, que acrediten ter aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes e inscritas no Rexistro Mercantil.

d)Declaración solemne de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera incidencia que puidera xurdir na formalización e execución dos contratos.

Os contratistas estranxeiros presentarán os documentos que deben achegar traducidos de forma oficial para os idiomas galego ou castelán.

III) Deberá achegarse unha relación dos documentos que figuren neste sobre, para os efectos previstos no artigo 81.1do RXLCAP; deberá achegarse igualmente, e entre eles, xustificación de ter depositado a garantía provisional prevista na cláusula 2.2.3 deste prego.

IV) Deberá cumprimentarse a Presentación do ofertante que figura como Anexo II ó presente Prego, e declaración de grupo de empresas do Anexo III.

#### **2.2.5.2. Sobre B. Proposta técnica e económica.**

##### I) Referencias Técnicas

Conterá o anteproxecto e aqueles documentos relativos ás características da documentación do proxecto, conforme ó Prego de prescripcóns técnicas e a documentación acreditativa e referida ós criterios que sirven de base para a licitación, e , en todo caso, os seguintes:

1. Programa de construción das obras que asegure a súa execución nos prazos (totais e parciais) e anualidades contractuais, describindo as previsións de tempo e custo nun diagrama de barras, obtido a partir dun estudo de tempo - actividades. No caso de ofertar redución de prazo, a empresa presentará un novo programa igualmente documentado, acompañado das debidas xustificacións para que a Administración conte coa absoluta garantía de que o prazo ofrecido pode ser razoablemente cumprido sen menos cabo da calidade de execución dos traballos.

2. Plan de control de calidade da obra que a empresa manterá durante a súa execución, especificando a porcentaxe que asigne para tal efecto, así como a acreditación por parte da mesma da disposición dun certificado de calidade. A Administración reserva para si a aprobación do laboratorio homologado proposto pola empresa.

3. Plan de utilización dos equipos, maquinaria e demais medios que a empresa se compromete a poñer a disposición da obra, de acordo co programa de construción do anterior apartado primeiro e, no seu caso, con referencia a redución de prazo ofertada.

5. Anteproxecto. O anteproxecto presentarse conforme o Prego de prescripcóns técnicas particulares.

A proposta de anteproxecto deberá integrarse en todo caso dos seguintes documentos:



MEMORIA, na que se describa e xustifique a proposta no seus aspectos técnico funcional e económico e as características de todas as unidades de obra proxectadas.

PROGRAMA do desenvolvemento proposto dos traballos no tempo e custo óptimo de carácter indicativo.

RESUMO DO PRESUPOSTO por capítulos, presuposto de execución material, presuposto de execución por contrata e presuposto xeral para coñecemento da Administración no que se especifiquen honorarios de dirección da obra e de coordinador de seguridade e saúde.

PLANOS xerais e de detalle precisos para a definición da proposta.

PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS. Nel describiranse as obras, e se definirán e concretarán as características das unidades de obra a empregar. Asimismo deberá establecerse, expresamente ou por referencia aos pregos de prescripciones técnicas xerais ou outras normas técnicas que resulten de aplicación, as características que deban reunir os materiais a empregar, especificando a procedencia dos materiais naturais, cando ésta defina unha característica dos mesmos, e ensaios a que deben someterse para comprobación das condicións que deben de cumprir, as normas para a elaboración das distintas unidades de obra, as instalacións que teñan que esixirse e as medidas de seguridade e saúde comprendidas no correspondiente estudo a adoptar durante a execución do contrato. Igualmente, detallará as formas de medición e valoración das distintas unidades de obra e as de abono das partidas alzadas, e especificará as normas e probas previstas para a recepción.

SISTEMAS DE CONTROL DE CALIDADE E AUTOCONTROL previstos para as obras e para a redacción do proxecto de construción.

6. En relación co establecido nos artigos 85.b) e 87 do TRLCAP os licitadores poderán presentar reducións no prazo de execución.

En tal caso, os licitadores presentarán un novo orzamento e prezos ofertados, así como unha memoria na que se indiquen as razóns que xustifiquen esta oferta. Tamén se presentará un programa de construción das obras e un plan de utilización dos equipos.

Cando a Administración acepte a proposta con modificacións a dita proposta pasará a ser contractual. Nestes supostos, a empresa presentará ademais un novo programa igualmente documentado, acompañado das debidas xustificacións para que a Administración conte coa absoluta garantía de que o prazo ofrecido pode ser razoablemente cumprido sen menoscabo da calidade de execución da obra.

## **II) Documentación Económica.**

CONTIDO:

Proposición económica formulada estrictamente conforme modelo que figura no anexo Nº 1 ó presente prego. Entenderase que dita oferta abrangue non só o prezo de contrata, senón tamén o importe do imposto sobre o valor engadido (IVE) que, nembargantes, deberá ser repercutido como partida independente nos documentos



que se presentes ó cobro, sen que o importe global contratado experimente incremento como consecuencia da consignación do tributo repercutido.

O prezo total da oferta comprende toda clase de gastos, tributos, taxas ou gravames derivados do contrato e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo interesado das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

A proposición económica presentárase escrita de forma mecánica e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borranchos que impidan coñecer claramente o contido da oferta a xuízo da Administración.

Cada licitador únicamente poderá presentar unha sola proposición. Tampouco poderá suscribirse ningunha proposta en unión temporal con outros, se o fixo individualmente ou se figura en mais dunha unión temporal

En canto ó rexeitamento de proposicións estarase ó disposto no artigo 84 do RXLCAP.

#### **2.2.6. Constitución e funcionamento da Mesa.**

A mesa de contratación estará composta por:

Presidente: Sr Alcalde.

Vocais:

Concelleira de Facenda, persoal e réxime interior.

Concelleiro de urbanismo.

Concelleiro da área de atención ao cidadán.

Interventora municipal.

Secretario municipal.

Arquitecto municipal.

Secretario: tesoureiro municipal.

Ó abeiro do previsto nos artigos 81 e 88 do TRLCAP e no artigo 81 do RXLCAP, a mesa de contratación examinará previamente a documentación xeral (sobre A) correspondente ós licitadores e, se como resultado da cualificación dos documentos, a mesa de contratación observara defectos materiais susceptibles de emendar, comunicarállo verbalmente ós interesados mediante comunicación telefónica ó número indicado polo ofertante no sobre A) procedéndose, así mesmo, á notificación por fax ó número que para tal efecto se teña indicado, e no mesmo día, á publicación no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores corrixa os defectos ante a propia mesa de contratación, mediante escrito dirixido ó seu secretario.

No caso de omisión polo interesado dun número de teléfono ou Fax para efectos da comunicación anteriormente indicada, a mesa de contratación procederá, en todo caso, á publicación da dita notificación no taboleiro de anuncios do Concello, téndose por realizado o trámite.

A mesa, unha vez cualificada a documentación anterior e corrixisos, de selo caso, os defectos ou omisións observados na documentación presentada, procederá a



determinar as empresas que se axustan ós criterios de selección das mesmas, a que fai referencia o artigo 11 do RXLCAP, con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

Antes da apertura da primeira proposición invitarase ós licitadores interesados a que manifesten as dudas que lles ofrezcan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes pero sin que nese momento poida aquela facerse cargo de documentos que non foran entregados no prazo de admisión de ofertas, ou no de corrección ou subsanación de defectos e omisións a que se refire o artigo 81.2 do RXLCAP.

No acto público de apertura de proposicións, a celebrar no lugar, data e hora sinalados no anuncio de licitación, procederase de acordo co disposto no artigo 83 do RXLCAP.

Unha vez efectuada a apertura das proposicións, a mesa de contratación procederá a determinar a proposición máis ventaxosa, a favor da que se formulará proposta de adxudicación. Dacordo co artigo 81 do RXLCAP a mesa poderá solicitar antes de formular a súa proposta cantos informes técnicos considere precisos e se relacionen co obxecto do contrato.

Unha vez recibidos os informes técnicos, no seu caso, a mesa de contratación concretará expresamente cal será a proposición máis ventaxosa sobre a que formulará proposta de adxudicación do contrato.

#### **2.2.6.1. Criterios de adxudicación**

Os criterios de selección son por orden decrecente de importancia os seguintes e coa ponderación que a continuación se sinala:

#### **CRITERIOS DE ADXUDICACION PUNTUACION TOTAL**

(Valoración da oferta: ata 100 puntos)

##### **1. Calidade técnica do anteproxecto: ata 60 puntos.**

- Adecuación da solución técnica proposta: ata 25 puntos.
- Prego de prescripcións técnicas: ata 5 de puntos
- Xustificación de prezos: ata 15 puntos.
- Programa de traballo: ata 15 puntos.

##### **2. Oferta económica: ata 10 puntos.**

##### **3. Redución de prazos: ata 20 puntos**

- Redución de prazos de redación do proxecto: ata 10 puntos.
- Redución de prazos de execución das obras: ata 10 puntos.

##### **4. Control de calidade: ata 10 puntos.**

- Redacción do proxecto: ata 5 puntos.
- Execución das obras: ata 5 puntos.

A puntuación da oferta económica realizarase mediante a aplicación da seguinte fórmula:



% de baixa da oferta X puntuación máxima

% de baixa da oferta mais económica

Consideraranse incursas en presunción de temeridade as proposicións cunha porcentaxe de baixa que exceda en cinco unidades, polo menos, da media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións base presentadas polas empresas consideradas neste apartado. Para os efectos da determinación da baixa media, excluírase a oferta máis baixa e a máis alta.

As proposicións de carácter económico que formulen individualmente sociedades pertencentes a un mesmo grupo non poden ser consideradas para os efectos de establecer o prezo de referencia para valorar as ofertas económicas e identificar as que deben considerarse como desproporcionadas ou temerarias. Deste xeito, presentadas distintas proposicións por estas empresas, tomarase unicamente para aplicar o réxime de apreciación de ofertas desproporcionadas ou temerarias a oferta máis baixa, producíndose a aplicación dos efectos derivados do procedemento establecido para a apreciación das ofertas desproporcionadas o temerarias respecto das restantes ofertas formuladas polas empresas do grupo.

b) O concurso seralle adxudicado a aquela empresa licitadora que obteña a maior puntuación do total posible, segundo a aplicación que resulte do baremo anterior.

A declaración de que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de resultar desproporcionada, esixirá a notificación, pola Mesa, desta circunstancia ós interesados así como o asesoramento técnico do servizo correspondente.

Cando a adxudicación se realice a favor dalgunha empresa na que a súa proposición estivera inicialmente incurso en presunción de temeridade, esixíraselle unha garantía definitiva do 20 por 100 do presuposto base de licitación.

### **2.2.7. Proposta de adxudicación**

No suposto de non se ter presentado no Sobre A de Documentación Xeral, ós que vaian a resultar adxudicatarios do contrato, esixíraselles antes da adxudicación, de acordo co establecido no artigo 79.2 do TRLCAP que presenten:

- Certificación o documento acreditativo de atoparse o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Certificación expedida pola Tesourería municipal acreditativa de no tener débedas pendentes co Concello.
- Presentación da alta e, no seu caso, do último recibo do imposto de actividades económicas, nos termos sinalados nos artigos 13 a 15 do RXLCAP.

Para a presentación das citadas certificacións concédese un prazo máximo de cinco días hábiles a contar desde a notificación do requirimento pola Administración.

No caso de que na data de formalización do contrato os ditos certificados se achegaran caducados será preciso presentar a oportuna renovación destes.



### **2.2.8. Adjudicación**

A Mesa de Contratación, de acordo co disposto no artigo 88 do TRLCAP elevará as proposicións xunto coa acta e a proposta de adjudicación así como coas alegacións presentadas, ó órgano de contratación.

A Administración terá, alternativamente, a facultade de adjudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, de conformidade cos criterios de adjudicación sen atender necesariamente ó valor económico da mesma ou declarar deserto o concurso.

O órgano de contratación adjudicará o contrato no prazo máximo de tres meses, contados desde a apertura das proposicións. De non se resolver a adjudicación no dito prazo o empresario terá dereito a retirar a súa proposición e a que se lle devolva a garantía provisional depositada.

As proposicións presentadas, tanto as declaradas admitidas como as rexeitadas sen abrir e as desestimadas unha vez abertas, serán arquivadas no seu expediente. Adjudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se tiveran interposto, a documentación que acompaña ás proposicións quedará a disposición dos interesados.

A notificación e publicación das adjudicacións farase de acordo co artigo 93 do TRLCAP.

## **2.3.- Formalización do contrato**

### **2.3.1.- Documentación**

Antes da formalización do contrato, o adjudicatario deberá presentar ante o órgano de contratación:

1º) Resgardo de ter depositado na Caixa da Corporación a garantía definitiva, que se acreditará conforme ó artigo 41 do TRLCAP.

2º) Orixinal ou copia debidamente autenticada do poder notarial e do DNI da persoa facultada para a sinatura do contrato.

3º) Resgardo do pagamento da totalidade dos anuncios publicados nos boletíns.

4º) No caso de empresas agrupadas, deberán acreditar ademais ante a Administración, caso da adjudicación das obras, a constitución da agrupación formalizada en escritura pública nos termos do artigo 24.1 do TRLCAP e CIF desta.

### **2.3.2. Garantía definitiva.**

O adjudicatario está obrigado a constituír a garantía definitiva e depositala na Caixa da Corporación no prazo de 15 días desde que se lle notifique a adjudicación polo importe do **4 por cento do importe de adjudicación** en metálico ou en valores públicos o privados, con suxeición, en cada caso, ás condicións regulamentariamente establecidas.

Tamén se poderá constituír mediante aval prestado, na forma e condicións regulamentarias, por algún dos Bancos, Caixas de Aforros, Cooperativas de Crédito, Establecementos Financeiros de Crédito e Sociedades de Garantía Recíproca autorizados para operar en España e presentado ante o órgano de contratación.



Tamén, se é o caso, poderá constituírse por contrato de seguro de caución con entidade aseguradora autorizada para operar no ramo de caución.

En todo caso, a constitución da garantía definitiva deberá facerse con suxeición ás condicións establecidas no artigo 36 do TRLCAP e nos artigos 55 e seguintes do RXLCAP

No suposto de que teña constituída unha garantía global conforme o establecido no artigo 36.2 do TRLCAP, seralle de aplicación o disposto neste.

No caso de amortización ou substitución total ou parcial dos valores que constitúen a garantía, o adxudicatario está obrigado a repoñelos na contía necesaria para que o importe da garantía non diminúa por este motivo, debendo quedar constancia documentada da dita reposición.

Cando como consecuencia da modificación do contrato experimente variación o seu prezo, axustarase a garantía no prazo de 15 días contados desde a data en que se notifique ó empresario o acordo de modificación, para que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da súa modificación.

No suposto de adxudicación a un empresario cuxa proposición estivera incursa inicialmente en presunción de temeridade, esixiráselle a constitución duha garantía definitiva polo 20% do importe de adxudicación ou do orzamento base de licitación, cando o prezo se determine en función de prezos unitarios.

Segundo o establecido no artigo 36.6 do TRLCAP, as garantías aplicadas, de selo caso, conforme ó disposto neste precepto, non poderán superar por acumulación a porcentaxe do 20 por cen fixada no apartado 4 do citado precepto.

### **2.3.3.- Documento de formalización.**

O adxudicatario queda obrigado a subscribir dentro do prazo de trinta (30) días naturais, contados dende o seguinte á data de notificación da adxudicación, o correspondente documento administrativo de formalización do contrato, sinalado no cadro de características.

Tal documento deberá conter os requisitos esixidos polo artigo 71.3º e 4º do RXLCAP

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista sendo ó seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

A memoria, os planos, pregos de prescricións técnicas e cadros de prezos do proxecto, revestirán carácter contractual, polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade, polo adxudicatario, no mesmo acto da formalización do contrato.

### **2.3.4.- Réxime xurídico do contrato.**

Este contrato ten carácter administrativo e ámbalas dúas partes quedan sometidas expresamente ó Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, ó Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das administracións públicas e demais normativa de desenvolvemento.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, serán resoltas previa audiencia do contratista polo órgano de contratación, acordos que poñerán fin á vía administrativa, e contra os que caberá



recurso contencioso - administrativo conforme co disposto na Lei reguladora da dita xurisdicción, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición, de conformidade co disposto no artigo 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

## **2.4.- Dereitos e obrigas das partes.**

### **2.4.1.- Abonos ó contratista.**

O contratista terá dereito ó aboamento, de conformidade cos prezos pactados, das obras que realmente execute con suxeición ó contrato outorgado e as súas modificacións, se as houbera.

Para os efectos do pago, a Administración expedirá mensualmente, nos primeiros dez días seguintes ó mes que correspondan, as certificacións que comprendan a obra executada durante dito período de tempo. Os aboamentos ó contratista resultantes das certificacións expedidas teñen o concepto de pagos a conta, suxeitos ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñer de ningunha forma aprobación e recepción das obras que comprende.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a precisa para executar as obras no prazo ou prazos contractuais, agás que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para estimalo inconveniente. Sen embargo, non terá dereito a percibir en cada ano calquera que sexa o importe do executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada na anualidade correspondente.

Poderanse verificar abonos a conta, previa petición do contratista, por instalacións, acopio de materiais e equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, nas condicións e coas garantías que se determinan nos artigos 99.3 e 145 TRLCAP e 155 a 157 RXLCAP

Dentro do prazo de dous ( 2 ) meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ó contratista a conta da liquidación do contrato.

### **2.4.2.- Obrigas do contratista.**

#### **2.4.2.1.- Obrigas previas ó inicio das obras**

Unha vez se teña notificado a resolución de adxudicación do contrato, e dentro en todo caso, do prazo previsto, o adxudicatario deberá aportar a documentación que a continuación se relaciona:

- Os exemplares do proxecto de execución asinado por técnico competente para o efecto determinados no prego de prescricións técnicas particulares; en defecto de previsión neste, entregaranse tres (3) exemplares.
- Unha copia do proxecto de execución en soporte informático, compatible cos equipos e programas informáticos de que dispón o Concello.
- Estudio e Plan de seguridade e saúde, ó que se xuntará o informe do coordinador en materia de seguridade e saúde, segundo o disposto no artigo 7.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, pola que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.



- Plan de control de calidade das obras.
- Plan de traballo actualizado no que se sinalen os prazos de execución da obra.

A non presentación en prazo da documentación antedita será causa de resolución do contrato por incumprimento do contratista, de conformidade co establecido no artigo 54 do TRLCAP.

Presentada a documentación a Administración procederá de acordo co artigo 125.3 do TRLCAP.

#### **2.4.2.2.- Obrigas laborais e sociais.**

O contratista está obrigado ó cumprimento das disposicións vixentes na materia laboral, de Seguridade Social e de Prevención de Riscos Laborais.

#### **2.4.2.3.- Cumprimento do prazo e penalidades por mora.**

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Se chegado o remate de calquera dos prazos citados, o contratista incorrera en mora por causa imputable ó mesmo, o Concello poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades económicas que terán a contía determinada no artigo 95.3 do TRLCAP.

Conforme co artigo 99 RXLCAP os importes destas penalidades faranse efectivos mediante deducción dos mesmos nas certificacións de obras, ou de selo caso, da garantía, e sen que a aplicación e pago das mesmas exclúa a indemnización á que o Concello poida ter dereito polos danos e perdas ocasionados polo atraso do contratista.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte do Concello.

Se o atraso fora producido por motivos non imputables ó contratista, estarase ó disposto no artigo 96.2 do TRLCAP.

#### **2.4.2.4 .- Sinalización das obras.**

O contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais precisos para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posibles perigos debido á marcha daqueles, tanto na dita zona como nos seus lindeiros ou inmediacións, así como a cumprir as ordes que se reciban da Dirección de obra e sufragar os gastos que orixine a sinalización.

De acordo coas instrucións do Concello e atendendo ás características da obra, o contratista situará nesta os carteis que por aquela se lle indiquen. A subministración e a colocación destes correrá a cargo do contratista dentro do orzamento de adxudicación das obras.

#### **2.4.3.- Gastos esixibles ó contratista.**

Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios da licitación e adxudicación e da formalización do contrato, así como as taxas por



prestación dos traballos facultativos do replanteo, dirección, inspección e liquidación e calquera outras que resulte de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen, e os permisos e licencias esixibles.

Tamén serán de conta do contratista, os gastos de ensaio e análise de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento da obra, agás que o ofertado polo contratista fora superior, quedando suxeito a súa oferta.

En todo caso, o contratista será responsable da correcta elaboración e execución do proxecto, e de indemnizar por todos os danos e perxucios que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e perxucios foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orden da Administración, será ésta responsable dentro dos límites sinalados polas Leis.

## **2.5.- Execución do contrato**

### **2.5.1.- Risco e ventura.**

O contrato executarase a risco e ventura do contratista sen prexuízo do disposto no artigo 144 do TRLCAP para o suposto de forza maior.

#### **2.5.1.1 - CONTIDO DO PROXECTO, PRAZO DE EXECUCIÓN E COMEZO DOS TRABALLOS.**

2.5.1.a. - Unha vez adxudicado o concurso, o contratista redactará o proxecto no prazo fixado na súa proposta que, en ningún caso, pode ser superior a tres meses dende a data de formalización contractual.

2.5.1.b - O proxecto ha de conter os seguintes documentos, ademais dos que sinala o Prego de Prescricións Técnicas:

**1. - A Memoria e Anexos:** Na memoria xustificárase globalmente a solución proxectada, en función das necesidades a satisfacer e dos factores económicos, ambientais, administrativos, sociais e estéticos a ter en conta. Describíranse as características das obras e os seus elementos funcionais. Inclúiranse todos os datos, cálculos e estudos utilizados na elaboración do proxecto.

**2. - Planos:** Inclúiranse, con carácter xeral os Planos do Proxecto e os adicionais de execución.

**3. - Prego de Prescricións Técnicas Particulares:** Será un desenvolvemento do Prego do Anteprojecto, e conterá unha descrición das obras e a regulación de cada unha das unidades de obra: características dos materiais, formas de execución, medición e abono, ensaios e aseguramento da calidade, sinalización e balizamento, seguridade e saúde, forma de abono das partidas alzadas, prazo de garantía e probas necesarias para a recepción das obras.

**4. - Presuposto:** As medicións conterán todos os datos necesarios para ser interpretadas sen consultar os planos. Os prezos a utilizar defínense nos correspondentes Cadros de Prezos. Os presupostos parciais formáranse aplicando ao resultado de cada medición o prezo da correspondente unidade de obra, e engadindo as partidas alzadas. O presuposto de execución material será a suma dos presupostos parciais. Os prezos a aplicar serán os indicados no Anteprojecto. Se xurdisen novas



unidades non previstas neste, o prezo xustificárase a partir dos custos básicos que figuren neste, con metodoloxía análoga á recollida no Anteproxecto. Os gastos xerais de estrutura, a aplicar sobre o presuposto de execución material, son os seguintes: 13% de gastos xerais e 6% beneficio industrial. O presuposto total será a suma do presuposto de execución material máis os gastos de estrutura. A este engádeselle un 16% en concepto de I.V.A, co que se obtén o presuposto de execución por contrata.

**5. - Estudo de Seguridade e Saúde:** En cumprimento do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde das obras de construción, redactarase o Estudo de Seguridade e Saúde. O importe do presuposto que resulte recollerase no Presuposto de Execución Material como un capítulo máis.

2.5.1.c - Unha vez elaborado o proxecto en prazo, o contratista presentarao ao órgano de contratación para a súa supervisión, aprobación e replanteo, tendo un prazo máximo de dous meses para, se é o caso, a subsanación do proxecto. No suposto de que a Corporación observase defectos ou referencias de prezos inadecuados no proxecto recibido requirirá o seu subsanación polo contratista, nun prazo máximo de dous meses, sen que, ata tanto, e unha vez procedase a nova supervisión, aprobación e replanteo do proxecto poida iniciarse a execución da obra correspondente.

Se neste momento contractual, non se chegase a un acordo sobre os prezos, o contratista queda exonerado de executar as obras, sen outro dereito fronte ao órgano de contratación que o pagamento dos traballos de redacción do proxecto correspondente, tal e como queda contemplado no apartado terceiro do artigo 125 do TRLCAP.

2.5.1.d.- Unha vez aprobado o proxecto, e de conformidade co artigo 36 do Decreto 103/2005, de 6 de maio , polo que se establecen a regulamentación técnico sanitaria de piscinas de uso colectivo, o concello remitiralle á Delegación Provincial de Sanidade un exemplar do proxecto da obra xunto coa solicitude normalizada que consta no Anexo V do Decreto 103/2005. Examinada a documentación e solicitados os datos e informes pertinentes, o técnico da delegación provincial emitirá o correspondente informe para que o delegado provincial outorgue ou denegue a autorización do proxecto solicitado.

2.5.1.e. - A execución das obras condiciónase á supervisión, aprobación e replanteo do proxecto pola Administración, unha vez o exposto, o contratista dará principio aos traballos ao día seguinte ao que se estenda a acta de comprobación do replanteo , e haberá de realizar ininterrompidamente as obras completas do proxecto no prazo que se sinale no mesmo proxecto e sen que poida exceder de 30 meses, contados a partir da data da devandita acta, podendo prorrogarse tal prazo só por acordo do órgano de contratación e logo de xustificación de causas dilatorias.

2.5.1.f. - A acta de comprobación do replanteo estenderase, salvo causa xustificada que o impida, dentro do prazo non superior a un mes, contado a partir do seguinte á supervisión, aprobación e reformulo do proxecto pola Administración.



### **2.5.2.- Dirección das obras.**

A Administración, a través da dirección de obra, levará a cabo a inspección, comprobación e vixilancia para a completa realización da obra executada.

A dirección da obra estará encomendada a un facultativo designado para o efecto polo Concello. As certificacións de obra deberán ser asinadas polo Director de Obra e conformadas polo representante da Administración. Do importe da certificación deducirase a taxa legalmente establecida para o aboamento da Dirección de obra.

### **2.5.3.- Comprobación do replanteo e acta de inicio.**

Segundo o disposto no artigo 122 do TRLCAP, a execución da obra quedará condicionada á supervisión, aprobación e replanteo do proxecto pola Administración, así como pola aprobación do proxecto pola Delegación Provincial de Sanidade.

Para tal fin, dentro dos dez (10) días seguintes á aprobación pola Administración da documentación aportada relacionada na cláusula 2.4.2.1 deste prego, e aprobado o proxecto pola Delegación Provincial e unha vez aprobado o Plan de seguridade e saúde, practicarase o acto de comprobación de replanteo previo das obras, estendéndose acta do seu resultado.

Non se poderán iniciar as obras sen que se estendera acta de comprobación do replanteo ou cando se faga constar nela reservas que se estimen fundadas. De non ser o caso, asinarase acta de inicio das obras.

O contratista deberá aportar un novo programa de traballo desde a data deste acto.

### **2.5.4.- Execución das obras.**

A empresa adxudicataria responsabilízase do proxecto de execución e de que o presuposto inclúa tódalas unidades necesarias para o desenvolvemento e normal execución da obra, e polo tanto non poderán producirse orzamentos adicionais ou excesos de liquidación.

O adxudicatario asume como propios os documentos técnicos e cálculos aportados pola Administración, polo que renuncia coa sinatura do contrato a reclamar ningún tipo de indemnización ou presuposto adicional derivado de calquera erro ou inexactitude en calquera destes documentos.

En todo caso, as obras executaranse con estricte suxeición ó seu proxecto, ó Prego de prescricións técnicas particulares, ás cláusulas do presente prego, e seguindo as instrucións que en interpretación do proxecto dera ó contratista o facultativo director da mesma que represente á Administración. Ditas instrucións quedarán reflectidas no correspondente libro de ordes.

A realización das obras polo contratista realizarase a risco e ventura do mesmo, e non terá dereito a indemnización por perda, avarías ou prexuízos ocasionados nas obras, agás o disposto no artigo 144 do TRLCAP

Se na construción, previa solicitude da dirección facultativa ou do contratista, e aceptación, en todo caso, polo Concello, se empregasen voluntariamente materiais de mellor calidade, substituíndo unha clase de fábrica por outra, ou en xeral, se introducíse nela calquera modificación que resultase beneficiosa a xuízodo Concello, o adxudicatario non terá dereito máis que ó abono dos que correspondería se se tivera



realizado a obra con estricta suxeición ó proxecto aprobado no que se baseara a adxudicación.

Nin a dirección de obra nin o contratista poderán introducir modificacións no proxecto sen a previa autorización do Concello con base nos informes técnicos que para o efecto esta obteña dos propios servicios técnicos da Administración.

Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razón de interés público nos elementos que o integran, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificandoo debidamente no expediente.

Serán obrigatorias para o contratista as modificacións no contrato de obras que, con arranxo ao establecido no artigo 101 do TRLCAP, produzan aumento, redución ou supresión das unidades de obra ou substitución dunha clase de fábrica por outra, sempre que ésta sexa unha das comprendidas no contrato. En caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha, sen prexuízo do establecido no artigo 149 e) do TRLCAP.

A execución de obras de peor calidade ás sinaladas no proxecto será causa de resolución do contrato por causa imputable ó contratista.

Cando por atraso no comezo das obras, paralizacións autorizadas, prórrogas dos prazos parciais ou totais, ou por calquera outra causa xustificada se producise un reaxuste de anualidades, o contratista deberá aportar un novo programa de traballo adecuado á novas circunstancias, que deberá ser aprobado pola Administración.

#### **2.5.5.- Programa de traballos.**

De acordo co disposto no artigo 144 do RXLCAP, o contratista está obrigado a presentar un programa de traballo.

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o contratista queda obrigado á actualización e posta ó día deste programa, seguindo as instrucións que, a estes efectos, reciba.

#### **2.5.6.- Subcontratación**

A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros, estará suxeita ós requisitos establecidos nos artigos 115 TRLCAP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores que deberá axustarse ó disposto no artigo 116 TRLCAP

#### **2.6.- Suspensión das obras.**

Se a administración acordara a suspensión das obras ou esta tivera lugar por aplicación do artigo 99.5 TRLCAP, levantarase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato coas consecuencias sinaladas no artigo 102 e 149 b) e c) do TRLCAP e 103, 170 e 171 do RXLCAP.

#### **2.7.- Conclusión do contrato.**

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizara de acordo cos termos deste e a satisfacción da Administración a totalidade do seu obxecto.



### **2.7.1.- Recepción, liquidación e prazo de garantía.**

A recepción e liquidación das obras realizaranse de conformidade co disposto no artigo 147 do TRLCAP, e 163 e seguintes do RXLCAP.

A recepción das obras deberá ser solicitada ó órgano de contratación no momento da terminación das obras e efectuarase no mes seguinte. Do seu resultado levantarase acta que subscribirán os representantes do órgano de contratación, os facultativos directores das obras, o adxudicatario e o representante da Intervención do Concello.

Se as obras non están en condicións de ser recibidas farase constar así na acta e o director das mesmas sinalará os defectos atopados e fixará o prazo para os corrixir. Unha vez corrixidos os defectos ou transcorrido o prazo outorgado para facelo convocarase novamente a asistencia á obra e levantarase acta.

Durante o prazo de garantía, que se inicia no momento da recepción formal e positiva das obras e será de **catro [4] anos**, sen prexuízo do fixado no artigo 147.3 in fine, TRLCAP, o contratista é responsable dos defectos que na construción poidan advertirse e queda obrigado á conservación e policía das obras nos termos establecidos no prego de prescricións técnicas particulares. No caso de detectarse defectos nese período, o órgano de contratación procederá a notificarllos á empresa outorgándolle un prazo de corrección dos mesmos; transcorrido o devandito prazo sen a reparación por parte da empresa contratista, o órgano de contratación poderá realizar as obras necesarias a custas da empresa. Os períodos outorgados para a corrección ou emenda de deficiencias interrompen o prazo de garantía.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ó cumprimento do prazo de garantía a dirección facultativa da obra, de oficio o a instancia del contratista, redactará un informe sobre o estado das obras cos efectos sinalados no artigo 147.3 do TRLCAP.

No suposto de que por razóns excepcionais de interese público debidamente motivadas no expediente o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, estarase ó establecido no parágrafo 6 do artigo 147 do TRLCAP.

### **2.7.2.- Conservación das obras.**

Tódolos gastos que se ocasionen pola conservación e policía das obras durante o período de garantía, ou no de ampliación deste segundo o artigo 147.3, in fine do TRLCAP, serán de conta do contratista, non tendo dereito a indemnización ningunha por este concepto.

### **2.7.3.- Despexe final das obras.**

As zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas volverán a restituírse a súa situación inicial antes da recepción destas.

### **2.7.4.- Devolución e cancelación das garantías definitivas.**

Estarase ó disposto no artigo 47 do TRLCAP e no artigo 65 RXLCAP.

### **2.7.5.- Resolución do contrato**

O incumprimento de calquera das obrigas establecidas con carácter preceptivo no presente Prego poderá ser causa de resolución do contrato nos termos establecidos nos artigos 54.3, 111 a 113, 149 a 151 e 152 do TRLCAP e demais normativa vixente



de aplicación en materia de contratación das administracións públicas, acordándose polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, mediante procedemento no que se garanta a audiencia a este.

### **3.- ANEXOS Ó PRESENTE PREGO.**

Anexo nº1.- Modelo de proposición.

Anexo nº 2.- Modelo de presentación.

Anexo nº 3-Modelo de declaración de grupo de empresas.

En Miño, a 27 de marzo de 2007.

O Alcalde-Presidente

Asdo.- Juan A. Maceiras Barros.



## ANEXO I

### MODELO DE PROPOSICIÓN

Don ... .., con domicilio en ... .. provincia de ... ..  
... .., rúa ... .. número ... .. e D.N.I. número ... .. en nome  
(propio), (ou da empresa que representa) ... .. con C.I.F. ... ..  
... .. enterado do anuncio publicado no D.O.G. do día ... .. de ... .. de ... ..  
... e das condicións e requisitos que se esixen para concorrer ó concurso para  
adxudicar o proxecto e obra para a construción dunha piscina cuberta climatizada  
municipal no Concello de Miño ... .. manifesta que se atopa en  
situación de acudir como licitador á mesma.

Para tal fin, fai constar que coñece as bases técnicas referido á devandita actuación e  
os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares que  
serven de base á convocatoria; que acepta incondicionadamente as súas cláusulas;  
que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa  
Administración e que se compromete en nome de ... .. (propio ou da  
empresa que representa), a tomar ó seu cargo as mencionadas obras, con estricta  
suxeición ós expresados requisitos e condicións, de acordo coa seguinte oferta:

1.Prazo de execución:

Proxecto.....

Obra.....

2.Cantidade en letra:.....

3.Cantidade en número:.....

A tódolos efectos, a presente oferta comprende non só prezo do contrato como tal,  
senón tamén do Imposto do valor engadido, a teor do disposto na lexislación vixente.

... .., ... .. de ... .. de ... ..

(Data e sinatura do proponente)



## ANEXO II

### PRESENTACIÓN DO LICITADOR

1.- Don ... .. en nome e representación da empresa ... .. , manifesta a súa vontade de participar no concurso convocado para a realización do ... .. polo importe sinalado na oferta económica formulada no ANEXO I.

2.- Datos da empresa:

Nome e apelidos do representante ... ..

Teléfono do licitador ... ..

Fax e enderezo sinalado polo licitador para os efectos da práctica de notificacións ... ..

3.- A empresa ... .. , de acordo co disposto no artigo 83 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, comprométese a achegar ou, se é o caso, facilitar tanta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.

... .. de ... .. de ... ..  
(Lugar, data e sinatura do proponente)



### ANEXO III

#### MODELO DECLARACIÓN GRUPO DE EMPRESAS

Don....., con Documento Nacional de Identidade número ....., en nome e representación propio / ou da empresa ..... (xustificando neste suposto as súas circunstancias), visto o disposto no punto IV da cláusula contractual 2.2.5.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación administrativa, así como o artigo 83.3 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP), e o artigo 86 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral daquela Lei (RXLCAP), en relación co artigo 42.1 do Código de comercio, DECLARO:

A entidade mercantil ....., para os efectos previstos no artigo 83.3 do TRLCAP e no artigo 86 do RXLCAP, atópase incurso no suposto (menciónese este) previsto no artigo 42.1 do Código de comercio, ó pertencer ó grupo de empresas ....., (ou de ser o caso, estar integrada dita sociedade por algún socio no que concorre algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de comercio), respecto do cal forman parte as seguintes sociedades:

(denominación social da sociedade que integra o grupo ou da sociedade na cal concorra algún dos supostos alternativos regulados na devandita norma legal respecto dalgún dos seus socios).

....., ..... de ..... de .....

(Lugar, data e sinatura do proponente)